



O CONCELLO CONVOCA O I CONCURSO FOTOGRÁFICO "NIGRÁN, TODO O QUE BUSCAS" PARA VISIBILIZAR AS SÚAS XOIAS TURÍSTICAS

**Poderán achegarse instantáneas que recollan paisaxes ou elementos
arquitectónicos do municipio acompañadas dun "chío"**

**O premio, outorgado por un xurado, consistirá nun curso surf ou travesía
de paddle surf para dúas persoas**

Nigrán, 18/03/16.- "Cal é a túa escusa para visitarnos?". O Concello de Nigrán lanza esta pregunta aos participantes do I Concurso Fotográfico "Nigrán, todo o que buscas" co obxectivo de visibilizar, a través das súas redes sociais, a beleza paisaxística e arquitectónica do municipio entre veciños e foráneos. "Queremos que os usuarios sexan os protagonistas deste certame, que amosen mediante as súas instantáneas as xoias da localidade, tanto monumentais como naturais, e que moitas veces pasan desapercibidas incluso para os que vivimos aquí", apunta o alcalde de Nigrán, Juan González.

O concurso, aberto a todas as persoas maiores de 18 anos que desexen descubrir ao público a fermosura desta localidade, comezará mañá e concluirá o vindeiro luns 28 de marzo, coincidindo coa Semana Santa. Cada autor poderá achegar unha única imaxe mediante unha mensaxe privada no perfil de [Facebook da Concellaría de Turismo](#) ou ben a través do Twitter citando a [@ConcelloNigran](#).

As fotografías deberán ir acompañadas por un "chío" de 140 caracteres do tipo "#VisitoNigránPorque...", "#EstaPaisaxeInspírame...", etc., no que figure un pretexto, sensación, atributo positivo ou experiencia que lle transmita esa imaxe. A medida que se vaian recibindo, subiranse a un álbum epúblico específico creado no Facebook da Concellaría de Turismo para amosar todas as instantáneas recompiladas.



Concello de Nigrán

NOTA DE PRENSA

O xurado, integrado por membros do Concello de Nigrán e profesionais da materia, valorará a calidade e orixinalidade das imaxes, isto é, que ademais de recoller o patrimonio natural ou arquitectónico do municipio, este sexa máis descoñecido para o público. O gañador recibirá un curso de surf ou unha travesía de paddle surf para dúas persoas na escola Prado Surf e o seu nome darase a coñecer nas redes sociais unha vez concluído o certame.